

(É obrigatorio cubrir todos os apartados deste documento. No caso de que o espazo sexa insuficiente ou ben queiran ampliála, deberán achegar como documentación adicional, un PDF asinado dixitalmente)

1.- IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

Persoa ou entidade solicitante:

Baía Edicións A Coruña, S.L.

Proxecto:

Ferreñas e rock and roll

Resumo breve do proxecto:

O proxecto de título provisional **Ferreñas e rock and roll** ten como obxectivo a publicación dunha historia de mulleres avanzadas na música galega (fundamentalmente do século XX), nunha publicación que busca o coñecemento e divulgación de mulleres que deben ser traídas á memoria ben por ser as primeiras en realizar algún tipo de actividade musical pública (tocar en orquestras, por exemplo) ou ben pola novidade e/ou importancia da súa proposta artística. O proxecto prevé, asemade, a elaboración dunha exposición complementaria cunha selección subxectiva das máis senlleiras para divulgala en lugares concorridos do noso país, especialmente pola provincia da Coruña, co obxectivo de dalas a coñecer á cidadanía, en xeral, e a ensinantes e alumnado en particular con faladoiros complementarios.

O proxecto, que publicará **Baía Edicións** con autoría de **Laura Romero e Iria Pedreira**, está pensado para libro en versión papel, con ilustracións a toda cor da propia Laura que recreen o que supuxeron as artistas investigadas.

2.-TRAXECTORIA E NATUREZA DA ENTIDADE SOLICITANTE.

Na redacción deste apartado deben constar os criterios de valoración automática que figuran na base 8.1 – apartado 1

Currículo dos profesionais e/ou empresa/s que promoven a proposta (con indicación da formación específica para esta actividade)

Laura Romero Pereira é ilustradora, *urban sketcher* e música. Traballadora autónoma como profesional da ilustración, da música e de actividades de formación e dinamización.

Estes tres eidos conviven na meirande parte dos seus proxectos, tanto profesionais coma persoais. O seu proxecto persoal máis recoñecido é **Músicas Galegas Ilustradas**, onde conflúen ilustración, música e vontade para facer ver o papel das mulleres do panorama musical galego actual e que, actualmente, conta con arredor de 200 músicas galegas en algo máis de 120 ilustracións. Este proxecto forma parte da plataforma pola igualdade En Órbita, pertencente á asociación Músicas Ao

Vivo, presidida por Sonia Lebedynski, e foi nominado aos premios Martín Códax da Música.

Licenciada en Belas Artes, complementou a súa formación con estudos de xénero e musicais. Como ilustradora, participou como debuxante urbana en diversos proxectos, gañou o premio Compostela Ilustrada e na actualidade é integrante do grupo de rock Zënzar como baixista.

Tamén participou no programa da Deputación da Coruña *O galego, a miña lingua propia* coa charla-reflexión “*As mulleres na música galega*”.

Iria Pedreira Sanjurjo. Filóloga clásica e especialista en Literatura grega e latina, participou en diversos congresos, cursos e xornadas con comunicacións especializadas, centrando a súa atención investigadora nas raíces clásicas do teatro galego contemporáneo e na influencia dos mitos grecolatinos na obra dramática de distintos autores como Isaac Díaz Pardo, Manuel Lourenzo ou Andrés Pociña.

Colabora como tradutora externa para Rinoceronte Editora, resultando dese traballo a publicación da primeira tradución ao galego dos *Caracteres* de Teofrasto e tendo outras tantas en proceso. Colabora como crítica literaria na revista dixital Balea Cultural.

Baía Edicións é unha editorial xeneralista creada na Coruña co obxectivo de dotar o ensino galego de recursos educativos propios e a sociedade en xeral de publicacións de diversas temáticas, nun claro obxectivo normalizador da lingua e cultura galegas.

O capital social da empresa é compartido a partes iguais entre 3 accionistas, 2 homes e unha muller, actuando esta última como directora editorial, ademais das propias de administradora solidaria e a representación pública e toma de decisións. A equipa de traballo da empresa repártese ao 50 % por xénero.

Conta nos seus fondos con obras de investigación e divulgación sobre o papel das mulleres en distintos campos, como as matemáticas, o ensino, a filosofía, que agora estamos completando con traballos sobre as mulleres nas artes plásticas, na literatura e na música.

Na actualidade promove dous premios literarios: o Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil e o Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade.

O proxecto **Ferreñas and rock and roll**, empezou a tomar forma na mente da editora a principios do ano 2018 ao saber do traballo de catalogación, rexistro e divulgación que Laura Romero estaba a desenvolver co proxecto Músicas galegas Ilustradas. Inmediatamente contactamos con ela, quen nos fixo saber que tamén estaba traballando noutro proxecto, en paralelo ao de Músicas Galegas Ilustradas, como resultado das inquedanzas xurdidas dese primeiro, pois percibía que o traballo para Músicas Galegas Ilustradas, aínda que completo e necesario, deixaba sen nomear as primeiras mulleres galegas dedicadas á música, ao non estra activas neste momento. Ao tempo, informounos da dificultade para mantelo e levalo a bo fin, pola falta do financiamento necesario para poder afrontalo en exclusiva. Foi así como Baía Edicións fixo como propio o traballo e esforzo que Laura estaba realizando, por consideralo de gran interese malia as dificultades.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

3.- CARACTERÍSTICAS E CALIDADE TÉCNICA DO PROXECTO

Realizarase unha fundamentación razoada indicando:

3.1. Interese da proposta (descripción da adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, a innovación na súa metodoloxía de desenvolvemento)

“Ferreñas e rock and roll” pretende completar un baleiro na historia da música galega, o referido ao traballo das intérpretes femininas do século pasado, artistas que foron pioneiras ou que foron casos pouco habituais nun territorio aínda hoxe moi masculinizado: a primeira gaitera documentada, o primeiro grupo feminino, escasos exemplos de grupos de punk feminino nos anos 90, músicas de orquestra cando era raro ata ver mulleres cantando nelas, as poucas mulleres do movemento bravú...

Semella inxusto que as músicas actuais esquezan as que lles precederon e de aí a idea de renderlles homenaxe e poñer a súa actividade en coñecemento tamén da sociedade.

Son historias e anécdotas pouco coñecidas incluso para xente do mesmo ámbito. Algunhas delas son contadas como curiosidades durante os faladoiros e charlas nos que adoita participa Laura Romero. É durante estas actividades cando se decata do curiosas, valiosas e descoñecidas que resultan para o público. E é por este motivo polo que a autora quere dedicarlle un traballo propio, con ilustracións orixinais, potentes e moi elaboradas, coa intención de dalas a coñecer e que non caian no esquecemento.

A idea de dedicarlles un libro e unha exposición como complemento do proxecto que parte dos datos recompilados precisa de moito tempo e traballo devagar de busca exhaustiva, localización, entrevistas e faladoiros que deriven nuns textos e ilustracións que lles fagan xustiza. En resumo, precísase tempo e medios económicos para poder atender o reto nun tempo razoable e que non quede nunha simple idea.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

3.2. Calidade e solvencia do proxecto (descripción da metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto, a adecuación do orzamento presentado, a calidade do plan de difusión e a existencia de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social)

1. Coñecer a existencia das artistas músicas avanzadas no pasado, os seus nomes e actividade.

Fonte: Laura Romero con colaboracións e busca de arquivos (*fondos propios até xaneiro 2019*).

Data: É un traballo que se leva facendo desde xaneiro do 2018 a raíz do avance do de “Músicas Galegas Ilustradas”, prevéndose a súa finalización en febreiro de 2019.

Conta co apoio de colectivos e activistas culturais. Entre as persoas e colectivos máis coñecidos están músicos de grande actividade cultural en Galicia como Xosé Bocixa (compañeiro na banda Zénzar) ou Xurxo Souto (Diplomáticos de Montealto, Banda Xangai, Tres Trebóns). Tamén a asociación Músicas ao Vivo, en especial a súa presidenta Sonia Lebedynski, coa que colabora na plataforma de igualdade En Órbita, e, por suposto, o colectivo Mulleres Galegas Kañeras (do cal forma parte Laura Romero), presidido pola vocalista Patty Castro.

2. Localizar as artistas ou as súas familias e amizades (busca activa a través de colaboracións varias).
Fonte: Laura Romero, arquivos, persoas do mundo da música, Baía Edicións (*fondos propios de Baía Edicións e tamén fondos solicitados a subvención no caso de Laura Romero*).

Data: iniciado en maio de 2018, prevese rematalo en marzo 2019.
3. Entrevistas persoais ás artistas ou ás súas familias e /ou amizades.
Fonte: Laura Romero (*fondos solicitados a subvención*).

Data: de xaneiro a maio 2019.
4. Creación dunha imaxe mental da artista en cuestión para crear un texto sobre ela, relacionado coa súa época e situación; decidir, en resumo, que se vai amosar da artista.
Fonte: Laura Romero e Iria Pedreira (*fondos solicitados a subvención*).

Data: xuño 2019.
5. Elaborar os textos sobre a artista partindo desa imaxe mental.
Fonte: Iria Pedreira (*fondos solicitados a subvención*).

Data: xullo 2019.
6. Elaborar as ilustracións que apoiem/complementen o texto.
Fonte: Laura Romero (*fondos solicitados a subvención*).

Data: de marzo a xullo/agosto 2019.
7. Envío á editorial para revisión, organización e definición da obra.
Baía Edicións: corrección lingüística e de estilo, preparación ilustracións (*arefa financiada con fondos propios*).

Data: agosto 2019.
8. Elaboración de maqueta.
Baía Edicións: maquetación (*fondos solicitados a subvención*).

Data: agosto/setembro 2019.
9. Envío de probas á autoría para revisión.
Baía Edicións/autoría (*financiada con fondos propios*).

Data: setembro 2019.
- 9b. Solicitud de orzamentos impresión.
Baía Edicións (*financiada con fondos propios*).

Data: setembro 2019.

10. Corrección de probas posterior á revisión autoría.
Baía Edicións: departamentos maquetación, corrección lingüística, edición (*fondos propios*).
Data: outubro 2019.
11. Impresión
Baía Edicións (*fondos solicitados a subvención*).
Data: outubro 2019.
12. Diseñar exposición co material do proceso de investigación, aprobar orzamentos, encargar a imprenta e ao taller de enmarcamento.
Laura Romero, taller enmarcamento e impresión (*fondos propios e solicitados a subvención*).
Data: novembro 2019
13. Recepción libros, distribución para venda, comunicación a centros escolares e envío a medios de comunicación e críticas de referencia.
Baía Edicións (*fondos propios*)/ Consorcio Editorial Galego (*distribuidora, fondos propios*)
Data: decembro 2019.
14. Publicidade en medios dixitais galegos, comunicación en redes sociais, presentación con chamamento á prensa escrita e dixital, radio e televisión.
Baía Edicións (*a comunicación corre a cargo de Baía Edicións, que a atenderá con fondos propios, solicitada axuda para a contratación externa de publicidade*).
Data: decembro 2019.
15. Recibir a exposición e ofertala a concellos, especialmente da provincia da Coruña e das localidades das artistas referenciadas.
Baía Edicións / Consorcio Editorial Galego (distribuidora) / Laura Romero (*fondos propios*).
Recepción e oferta exposición: inicio decembro 2019, sen data de finalización, pois prevemos continuidade no tempo.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

3.3. Contidos e enfoque social (descrición da presenza da perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento dos proxectos, o uso de criterios de sostibilidade medioambiental e, en xeral, o uso de metodoloxías e enfoques inclusivos e que fomenten valores de convivencia e cohesión social)

Este proxecto naceu da percepción dunha desigualdade en canto a xénero e do conseguente interese en combatela na medida da nosa capacidade, neste caso pareceunos oportuno tirar das posibilidades dos libros como produto de fácil acceso e visibilidade social, (a colaboración da distribuidora Consorcio Editorial Galego permítenos garantir a presenza en todas as librarías, bibliotecas e centros educativos galegos) e a exposición en lugares públicos, pensada especialmente para as persoas que

non teñen o costume de buscar información nos libros.

Consideramos tamén que pode axudar á mellor valoración das avoas por parte das netas e netos quen, ao ser conscientes do avanzadas e transgresoras que foron algunhas no seu momento, pode axudar a valorar as avoas como creadoras e non só cuidadoras.

A presentación da exposición e os faladoiros paralelos servirán como desculpa para a conexión interxeracional e o uso e fomento do galego. O proxecto, exclusivamente en galego, supón un chanzo máis na normalización do noso idioma

Consideramos que toda actividade que dá a coñecer, nomea e pon en valor o traballo dunha parte da sociedade, favorece en si mesma a inclusión.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

4.- IMPACTO SOCIAL E DESTINATARIOS

4.1. Perfil e número estimado de persoas destinatarias que se beneficiarán directa ou indirectamente do proxecto (si é o caso, explicar si está dirixido a persoas con diversidade funcional, en risco de exclusión social, implicación da mocidade adolescente, estratexias de relación interxeneracional e de normalización social da lingua galega)

Podemos dividir as destinatarias en tres grandes grupos con distintos perfís de especialización, algúns interaccionados ou mesmo cruzados:

- As primeiras destinatarias do proxecto serían as empresas programadoras e entidades promotoras e o colectivo de artistas musicais, como grupo directamente relacionado coa actividade, ao que queremos chegar como revulsivo de conciencia e con afán informativo, tamén. Podemos falar aprox de 100 persoas.
- En segundo lugar, temos un grupo de profesionais do ensino da música e as súas alumnas e alumnos, que aspiramos sexan educadas tendo en conta a realidade feminina, ben por transmisión directa ou indirecta. Estamos a referirnos a todo o alumnado de 5.º, 6.º de Primaria e 1.º e 2.º da ESO, como mínimo, que se renova cada curso escolar con novas rapazas e rapaces adolescentes. Este grupo de idade, o adolescente, é a nosa prioridade, por ser o motor da transformación social en igualdade e por considerar que as músicas galega e en galego do pasado, poden resultarlles de interese e ser moi ben valoradas.
- Mais, en último extremo pero como obxectivo principal, propoñémonos que calquera persoa interesada na música galega sexa coñecedora da existencia de moitas mulleres músicas e que as busquen activamente nos concertos; aínda que entendemos que este é un desexo a longo prazo, non renunciamos a el.

4.2. Indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social que se empregarán para medir a consecución dos obxectivos do proxecto, así como estimación previa dos valores que se espera acadar.

- Número de exemplares en distribución para venda, nun primeiro envío a distribución en decembro, colocaremos 400 exemplares, que agardamos repetir segundo venda até acadar os 800 exemplares de venda en 2 anos que nos permita unha reimpresión ou edición ampliada.
- Exposicións ofertadas e/ou solicitadas.
- Recensións en medios de comunicación do libro e/ou dalgunha das músicas. Malia a dificultade da presenza en medios, cremos que do interese da obra resultará, canto menos, unha recensión en cada xornal en galego.
- Entrevistas a algunha das nomeadas e/ou ás súas autoras. Marcámonos como obxectivo mínimo 1 entrevista de calidade.
- Actividades relacionadas en bibliotecas, centros sociais e culturais. Como mínimo un faladoiro e presentación do libro paralelo á exposición.
- Aparición de novas publicacións e actividades que incorpore o nome das artistas referidas en “Ferreñas e Rock and Roll”: temos dificultade facer unha predición cuantitativa, calquera incorporación nova dunha muller ao relatorio habitual supón un logro en si mesmo aínda que de momento no o podemos garantir.

4.3. Colectivos aos que se dirixe o proxecto e perspectivas e enfoques cos que se desenvolverá.

Como indicamos antes, as persoas e colectivos aos que nos diriximos son expertas musicais e profesorado de música como colectivo experto que no desenvolvemento do seu traballo ten a capacidade de replicar e transmitir información e formación, neste caso con perspectiva de xénero. A comunicación continua entre a rede comercial da distribuidora e a comunicación habitual de Baía Edicións cos centros de ensino, permiten garantir que o proxecto chegue a todos os centros educativos galegos sen excepción, as que se lles ofertarán faladoiros.

O noso obxectivo é que se vaian coñecendo as artista galegas no pasado, a influencia que tiveron na música en Galicia e se valore a necesidade de contar coas mulleres para o avance da nosa cultura. Tamén que os seus nomes se vaian incorporando progresivamente ao relatorio musical galego.

5.- CAPACIDADE RELACIONAL E COOPERATIVA DO PROXECTO

Colaboracións entre empresas, realización de accións de colaboración directa con asociacións, centros educativos, colectivos culturais e sociais, etc. do territorio.

Poderá presentar cartas de apoio previo de entidades e/ou asociacións que traballen no eido ao que vai dirixida a iniciativa (documentos anexos)

O proxecto conta co apoio e colaboración de colectivos e activistas culturais. Entre as persoas e colectivos máis coñecidos están músicos de grande actividade cultural en Galicia como Xosé Bocixa

(compañeiro na banda Zēnzar) ou Xurxo Souto (Diplomáticos de Montealto, Banda Xangai, Tres Trebóns). Tamén a asociación Músicas ao Vivo, en especial a súa presidenta Sonia Lebedynski, coa que colabora na plataforma de igualdade En Órbita, e, por suposto, o colectivo Mulleres Galegas Kañeras (do cal forma parte Laura Romero), presidido pola vocalista Patty Castro.

Fóra do ámbito musical, destacamos o interese, apoio e colaboración documental de Patricia Porto Paderne, propietaria da Librería de Mulleres Lila de Lilith, pola súa exquisita dedicación profesional á divulgación da actividade das mulleres, con especial atención á súa presenza en publicacións como forma de dar voz, deixar constancia e rexistrar os logros das mulleres.

Contamos en principio, con dúas cartas de apoio recibidas, unha da Librería de Mulleres Lila de Litith e outra da asociación Músicas ao Vivo, mais temos o apoio doutras profesionais de Conservatorios e Escolas de música, que estarían en disposición de facer un escrito de apoios, así como a distribuidora, quen nos manifestou o interese en poñer no mercado unha publicación desas características.

6.- ORZAMENTO E PLAN DE DIFUSIÓN DO PROXECTO NO QUE FIGUREN TODOS OS GASTOS SUBVENCIONABEIS

O orzamento estará desagregado, con e sen IVE.

Indicarase expresamente as fontes de ingresos previstos (monetarios ou en especie) e as porcentaxes que se destinan no orzamento a cada parte deste (coordinación, produción, contratación de actividades artísticas, plan de comunicación e mercadotecnia, etc).

Concepto	Custos	IVE / IRPF	Total c/ IVE
Laura Romero. Dereitos da obra, que inclúen: traballo de documentación, entrevistas, redacción de textos, elaboración e adaptación das ilustracións (libro, exposición, redes...), dereitos de uso e xestión da exposición. (financia Deputación)	8.500,00	(IRPF 15 %)	8,500,00
Iria Pedreira. Dereitos dos textos (financia Deputación)	1.000,00	(IRPF 15 %)	1.000,00
Impresión da publicación: 800 exemplares (financia Deputación)	3.400,00	4 % : 136,00	3.536,00
Publicidade en medios comunicación (financia Deputación)	1.580,00	21 %: 331,80	1.911,80
Gastos de preimpresión (maquetación, corrección de probas e preparación para imprenta, relacionados como puntos 8 a 10 e 13 do apartado 8 de descrición do proxecto: Baía Edicións, recibo de salarios de traballadoras (financia Baía Edicións)	4.345,00	% IRPF	4.345,00
Comunicación a centros educativos en redes sociais en xornadas laborais (financia Baía Edicións)	900,00	% IRPF	900,00
Total sen IVE	19.725,00		
Total con IVE	19.725,00	467,80	20.192,80

Características físicas da publicación:

Título do libro (provisional): *Ferreñas e rock and roll*

Interior:

Formato 120x119 mm

Páxinas: 120 aprox.

Papel. Semiarte mate 135 g

Impresión 4/ 4 tintas

Cuberta:

Soporte: cartolina gráfica 220 g

Encadernación: cosida a fío vexetal

Impresión: 4/0 tintas

Lapelas dobres

Plastificado mate

Impresión:

Exemplares: 800

(Achegar tantas follas como fora preciso)

Plan de difusión do proxecto

Entendemos que a publicación de resultados do proxecto é inherente á publicación, distribución e comunicación do libro, tarefas a realizar segundo trámite habitual, que detallamos seguindo a orde temporal:

- Recepción libros, envío a distribuidora para colocar en puntos finais de venda (librarías, fundamentalmente) e envío a medios de comunicación e críticas de referencia. Envío ao servizo de control de proxectos da Deputación da Coruña.

Responsable: Baía Edicións co asesoramento das coordinadoras para envíos a especialistas.

- Publicidade en medios dixitais galegos, comunicación en redes sociais (facebook, twitter) presentación con chamamento á prensa escrita e dixital, radio e televisión.

Responsable: Baía Edicións.

- Divulgación pública na web de Baía Edicións, www.baiaedicions.gal de Consorcio Editorial Galego <http://www.consorcioeditorial.com> e na tenda virtual de produtos culturais galegos, voando libre <https://voandolibre.gal>., así como nas redes sociais da empresa.

Na web www.baiaedicions.gal estará a disposición pública de forma permanente a memoria do proxecto, ademais de anunciarse no espazo de noticias, <http://baiaedicions.gal/editorial/>

Responsable: Baía Edicións.

- Divulgar a exposición e acompañala de presentación do libro e realización de faladoiros.
Responsable: Baía Edicións e autoría.
- Presentación en librarías, centros cívicos, casas da cultura, xornadas universitarias, centros escolares e locais municipais varios para promover a súa venda e coñecemento.

Responsable: Baía Edicións, Consorcio Editorial Galego e autoría.

(Achegar tantas follas como fora
preciso)

7.- CAPACIDADE DE TRANSFERENCIA E CONTINUIDADE DO PROXECTO.

- Publicación dunha memoria final accesible de xeito aberto e a fórmula en que se efectivizará: **forma permanente na web da solicitante www.baiaeditions.gal, no apartado correspondente da ficha do libro.**
- Uso de licenzas de autoría e uso aberto na documentación xerada
- Publicación da memoria, documentación gráfica e/ou audiovisual do proxecto nun repositorio de acceso público, como por exemplo archive.org, Galicia e/ou Europea.
- Permanencia do proxecto, ao incluír unha proposta de continuidade para o seguinte ano: **anunciarase de forma temporal no espazo de noticias: <http://baiaeditions.gal/editorial>.**

8.- OUTRA INFORMACIÓN OU DOCUMENTACIÓN SOLICITADA:

8.1. Cartas de apoio ao proxecto.

Patricia Porto Paderne, con NIF 36116401F, en calidade de xerente da Librería Lila de Lilith (Lilith. Acción Social e Educativa S.L.) con CIF n.º B70102215 e domicilio fiscal en Rúa Travesa, 7, baixo, 15704 Santiago de Compostela.

Comunica que:

A Librería Lila de Lilith ten interese en estudar as posibilidades e, se fose oportuno, facer uso para as actividades propias, da obra *Ferreñas e rock and roll*, promovido por Baía Edicións e coordinado por Laura Romero coa colaboración de Iria Pedreira na redacción, a fin de divulgar e promover o coñecemento das contribución das primeiras mulleres na música galega, por ser un aspecto pouco traballado até o momento.

O que comunica, aos efectos oportunos, en Santiago de Compostela, a 14 de febreiro de 2019



Asinado.: Patricia Porto Paderne.



SONIA LEBEDYNSKI DIÉGUEZ, con NIF n.º 34.898.288-C, en calidade de **PRESIDENTA** da **ASOCIACIÓN MÚSICAS AO VIVO**, con CIF n.º G70243019 e domicilio fiscal en ALCABRE VIÑA GRANDE, 5. 36212 VIGO (PONTEVEDRA).

COMUNICA

que **LAURA ROMERO** ten interese en estudar as posibilidades e, se fose oportuno, facer uso para as actividades propias, da obra *Ferreas e rock and roll*, promovido por Baía Edicións e coordinado por Laura Romero coa colaboración de Iria Pedreira na redacción, a fin de divulgar e promover o coñecemento das contribucións das primeiras mulleres na música galega, por ser un aspecto pouco traballado até o momento.

Desde a nosa asociación e en particular desde o Observatorio pola Igualdade EN ÓRBITA co que contamos, apoiamos ás iniciativas que veñen a encher espazos necesarios para o recoñecemento e visibilidade das mulleres que forman parte da historia musical galega en calquera dos seus eidos e que agardan para ser recoñecidas.

E para que conste firmo a presente aos efectos oportunos en A CORUÑA, a 14 de febreiro de 2019.

SONIA LEBEDYNSKI DIÉGUEZ

8.2. Declaracións fontes de financiamento e de veracidade.



D.ª **Belén López Vázquez**, con NIF n.º 32777834M, en representación da entidade **Baía Edicións A Coruña, S.L.**, con CIF n.º B15635246,

DECLARO que:

Baía Edicións, de conformidade coa **documentación solicitada sobre fontes de financiamento** na convocatoria de subvencións a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2019 (F0300/2019) para o proxecto titulado, de forma provisional, *Ferreas e rock and roll*, coordinado pola investigadora, ilustradora, música e promotora cultural Laura Romero Pedreira e a profesora Iria Pedreira Sanjurjo, informa que as fontes previstas e outras axudas solicitadas son as seguintes:

1. Subvención solicitada á Deputación da Coruña na convocatoria de referencia por **14.947,80 €** para atender os pagos externos de impresión, dereitos da obra, incluída a elaboración de ilustracións e pagos de publicidade en medios de comunicación, cantidade considerada fundamental dada a dificultade de financiar a publicación da primeira edición por medios exclusivamente privados e o interese social e cultural da mesma.
2. Baía Edicións achega os fondos propios correntes para o funcionamento da empresa, obtidos pola venda de libros, a súa actividade principal, complementados polo financiamento bancario para atender os pagos previos á venda.
Neses fondos inclúe: salarios de traballadoras e traballadores implicados no proceso de elaboración do libro (apoio á busca de información, corrección lingüística, deseño, maquetación, retoque ilustracións, envío e revisión de probas, publicidade en redes, distribución e promoción), uso das instalacións informáticas necesarias para a elaboración do proxecto, gastos de distribución e xestión das redes sociais; tarefas e medios que valoramos en **5.245,00 €**.
Por outra parte, manifesta que todos os gastos non recollidos na memoria e que puideran xurdir á maiores dos indicados e solicitados na presente convocatoria de subvención correrían a cargo de Baía Edicións.
3. Asemade, Baía Edicións ten presentado este proxecto a convocatoria do II Concurso de Ideas "Luísa Villalta" de proxectos culturais pola igualdade promovido por esa Deputación da Coruña.

O que comunico, para os efectos oportunos, na cidade da Coruña, a catorce de febreiro de dous mil dezanove.



Asdo.: Belén López Vázquez.

BAÍA EDICIÓN



D.^a **Belén López Vázquez**, con NIF n.º 32777834M, en representación da entidade **Baía Edicións A Coruña, S.L.**, con CIF n.º B15635246,

DECLARO que:

Toda a documentación que Baía Edicións achega na convocatoria de subvencións a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2019 (F0300/2019) para o proxecto titulado, de forma provisional, *Ferreñas e rock and roll*, coordinado pola investigadora, ilustradora, música e promotora cultural Laura Romero Pedreira e a profesora Iria Pedreira Sanjurjo, **axústase á veracidade** e que, en caso de ser solicitado, a Deputación da Coruña poderá realizar as comprobacións que considere oportunas.

O que comunico, para os efectos oportunos, na cidade da Coruña, a catorce de febreiro de 2019, a dezanove.



BAÍA EDICIÓN

Asdo.: Belén López Vázquez.